
ÁNGELES ALVARIÑO

ÍNDICE

I. Por que destacou Ángeles Vilariño?

II. Vida persoal.

III. Os comezos como estudante.

IV. Etapa universitaria.

V. Instituto Español de Oceanografía.

VI. Consolidación como investigadora nos Estados Unidos.

VII. Buque oceanográfico Ángeles Alvariño.

VIII. Breve vídeo a modo de síntese do explicado.

POR QUE DESTACOU ÁNGELES VILARIÑO?

Ángeles Vilariño foi unha ferrolá pioneira na investigación dos océanos (oceanografía) a nivel mundial, chegando a descubrir 22 especies novas de organismos mariños e os indicadores planctónicos para correntes oceánicas e para a pesca, ademais dunha destacada científica internacional.

Ángeles Vilariño en San Diego, en 1958.

Que é exactamente a oceanografía?

A oceanografía é un campo da ciencia que estuda os mares e océanos e todo o relacionado con eles, é dicir, a estrutura, composición e dinámica dos diferentes corpos de auga, incluído dende os procesos físicos, como correntes e mareas, ata os xeolóxicos, como a sedimentación e a expansión do fondo oceánico e, tamén, os biolóxicos.

É unha ciencia que, á vez, está dividida en diferentes ramas en función dos contidos específicos nos que centra o seu estudo. Así, chegan a ser diferenciables catro ramas diferentes dentro da oceanografía.

- Oceanografía física.
- Oceanografía química.
- Oceanografía xeolóxica.
- Oceanografía biolóxica.



Mapa de fondos oceánicos realizado con base en imaxes satelitais.

VIDA PERSOAL

Filla do médico Antonio Alvariño Grimaldos e da pianista María del Carmen González Díaz Saavedra, Ángeles Vilariño naceu en Serantes (Ferrol) en outubro de 1916. Xa dende pequena se caracterizou por ter unha grande inquietude intelectual, que plasmou, no seu momento, no seu expediente académico, e por demostrar unha habilidade especial, ademais do gusto pola lectura e a música.

Á idade de 24 anos, en 1940, e tras finalizar os seus estudos superiores, casou con Eugenio Leira Manso, capitán da Mariña de Guerra Española e Cabaleiro da Real e Militar Orde de San Hermenegildo, e dous anos máis tarde, naceu a súa filla, María de los Ángeles Leira Alvariño, coñecida arquitecta e urbanista radicada nos EE UU.

SERANTES, FERROL



OS COMEZOS COMO ESTUDANTE

Ángeles Vilariño estudou en varios centros de Ferrol, acabando os seus estudos no Liceo Concepción Arenal, hoxe instituto de educación secundaria.

En 1933, á idade de 17 anos, conseguiu o bacharelato universitario en ciencias e letras pola Universidade de Santiago de Compostela, con máximas notas, grazas a dous traballos:

No ámbito científico, "Sobre los insectos sociales y el gusano de seda".

No ámbito das letras, "Las mujeres en el Quijote".



Coruña.—El grupo escolar *Concepción Arenal*, situado en la populosa barriada de *Los Cuatro Caminos*, que acaba de ser inaugurada, ingresando en el 1.700 alumnos.—Foto A. Blanco.

Colexio Plurilingüe Concepción Arenal, A Coruña

ETAPA UNIVERSITARIA

En 1934, unha vez terminado o bacharelato universitario en Santiago de Compostela, trasladouse á capital, a Madrid, para iniciar os seus estudios de Ciencias Naturais na Universidade de Madrid, que se viron interrompidos polo comezo da Guerra Civil.

Durante o período de peche das aulas, aproveitou para mellorar o seu nivel de francés e comezar a aprendizaxe de inglés, que resultaría fundamental para a súa carreira de investigadora nos Estados Unidos.

Cando se volveron abrir as universidades, Ángeles Alvariño continuou os seus estudos, licenciándose, en 1941, en Ciencias Naturais.

Durante os sete anos seguintes, entre 1941 e 1948, impartiu clases en diversos colexios universitarios de Ferrol.

Universidade de Madrid ou Universidade Central

INSTITUTO ESPAÑOL DE OCEANOGRAFÍA

En 1948, o seu marido, Eugenio Leira Manso, capitán da Mariña de Guerra Española e Cabaleiro da Real e Militar Orde de San Hermenegildo, foi destinado ao Instituo Español de Oceanografía de Madrid (IEO), e Ángeles Alvariño incorporouse como becaria. Comezou investigando o motivo das incrustacións mariñas nos barcos e, despois, centrou a súa investigación no estudo do zooplancton.

O Instituto Español de Oceanografía non admitía mulleres pero, a calidade da labor de investigadora de Alvariño foi tal, que decidiron admitila en 1950. Un ano despois da súa entrada ao IEO, obtivo o Doutorado en Psicoloxía Experimental, Química Analítca e Ecoloxía Vexetal pola Universidade de Madrid, conseguindo, por oposición, un ano máis tarde, unha praza de bióloga oceanógrafa no Instituto Español de Oceanografía de Vigo.

Instituto Español de Oceanografía de Vigo

CONSOLIDACIÓN COMO INVESTIGADORA NOS ESTADOS UNIDOS

En 1953, concedéuselle unha bolsa do British Council para realizar investigacións sobre zooplancton no Laboratorio de Plymouth, baixo a dirección de Frederick S. Russell e Peter. C. Corbim. Ángeles Vilariño converteuse, así, na primeira muller a bordo dun barco británico de investigación en calidade de científica.

Isto permitiulle iniciarse no estudo de varios grupos de predadores zooplanctónicos e no ictioplancton (ovos e larvas de peixes), con mostras de auga do golfo de Biscaia e da canle da Mancha.

Tres anos máis tarde, en 1956, recibiu unha subvención da Comisión Fullbright para continuar as súas investigacións sobre zooplancton no Instituto Oceanográfico Woods Hole de Massachusetts, baixo a tutela de Mary Sears, zooplanctóloga experta en sifonóforos e presidenta do primeiro congreso oceanográfico dos Estados Unidos. Esta, impresionada coa súa obra, recomendouna para ocupar un posto no Instituto Scripps de Oceanografía, na Jolla, California, onde permaneceu ata 1970 analizando miles de mostras de plancto obtidas nos océanos Atlántico, Pacífico e Índico.

Instituto Scripps de Oceanografía, a Jolla, California

BUQUE OCEANOGRÁFICO ÁNGELES ALVARIÑO

O 24 de febreiro de 2012, xa falecida Ángeles Alvariño, no estaleiro de Armon Vigo, foi botado o buque oceanográfico Ángeles Alvariño, amadriñado por Ángeles Leira Alvariño, filla da científica. O buque entrou en servizo en xullo do mesmo ano e pertence ao Instituto Español de Oceanografía.

O Ángeles Alvariño está dotado dunha avanzada tecnoloxía para a investigación de xeoloxía mariña, oceanografía física e química, bioloxía mariña, pesqueiras e control ambiental. A bordo do mesmo, 15 investigadores seguen descubrindo os segredos do océano ao que dedicou a súa carreira Ángeles Alvariño.

Buque oceanográfico Ángeles Alvariño

VÍDEO A MODO DE SÍNTESE DO EXPLICADO

https://www.youtube.com/watch?v=PZSqyampxVY&t=62s

Laura Rodríguez Carnero 2º BAC B